

Código do curso	LIN-25-061
Denominación	SITUACIÓNS ADMINISTRATIVAS DO FUNCIONARIADO DE CARREIRA
Persoas destinatarias	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
Número de horas	20
Datas	Do 22/09/2025 ao 31/10/2025
Metodoloxía	Teórico-práctica
Obxectivos	Proporcionar un panorama completo das situacións administrativas que lles poden afectar ás e aos funcionarios de carreira, relativas tanto aos aspectos procedimentais coma aos efectos legais e laborais de cada unha destas situacións.
Contido	Situación activa: exercicio do cargo e ocupación de prazas • Concepto de situación activa: Definición e características • Exercicio do cargo: Requisitos e obrigas do funcionariado en situación activa • Ocupación de prazas: Procedemento para a cobertura de prazas vacantes, provisión de postos e asignación de funcións • Dereitos doas e dos funcionarios en situación activa: remuneracións, xornada laboral, permisos e licenzas Excedencia: tipos e efectos sobre os dereitos laborais e económicos • Concepto de excedencia: definición e xeneralidades sobre esta situación administrativa • Excedencia voluntaria: ○ Requisitos para solicitar a excedencia voluntaria ○ Efectos sobre os dereitos laborais e económicos: período de tempo sen prestación de servizos, xubilación, dereito ao reingreso etc. ○ Casos específicos, coma a excedencia por coidado de fillos ou familiares • Excedencia forzosa: ○ Causas que dan lugar á excedencia forzosa (reincorporación por traslado de praza, causas políticas ou sociais etc.).

	○ Dereitos e deberes do funcionariado en situación de excedencia forzosa ○ Reincorporación ao posto e a normativa asociada • Efectos xerais da excedencia: aspectos legais sobre a retribución, a antigüidade, e o dereito a seguir percibindo beneficios sociais Suspensión de funcións: causas e efectos legais • Concepto de suspensión de funcións: definición e causas que poden levar á suspensión temporal das e dos funcionarios. • Causas de suspensión: ○ Suspensión por sanción disciplinaria ○ Suspensión por incapacidade temporal, accidente ou enfermidade ○ Suspensión por causas xudiciais (condena penal, proceso xudicial) • Efectos legais da suspensión: ○ Implicacións sobre os dereitos retributivos: perda de salario ou compensacións ○ Impacto na antigüidade e nos dereitos de promoción ○ Posibilidades de reincorporación ou reintegro ao posto de traballo tras a suspensión Xubilación: procedementos e requisitos legais • Concepto de xubilación: definición e causas de xubilación nas e nos funcionarios de carreira. • Xubilación por idade: Idade e requisitos legais para a xubilación ordinaria no réxime de funcionariado público • Xubilación anticipada: condicións para solicitar a xubilación anticipada, requisitos de cotización e efectos sobre as prestacións • Xubilación forzosa: causas e procedemento de xubilación forzosa por alcanzar a idade límite ou outras circunstancias legais • Procedemento administrativo de xubilación: pasos administrativos, prazos e documentación necesaria para solicitar a xubilación • Efectos da xubilación: ○ Dereitos económicos: pensións e outras prestacións de seguridade social
--	--

	○ Dereitos laborais: condicións de reingreso, compatibilidade ou incompatibilidade de pensións co traballo público
--	--